

FAQs PRÁCTICUM

1) Cales son os criterios para poder realizar o Prácticum?

Ter superado polo menos 150 créditos obrigatorios, incluíndo a totalidade dos de 1º e 2º curso do Grao, e realizar o Curso de Ética e Deontoloxía.

A asistencia e realización das actividades indicadas durante o desenvolvemento do Curso de Ética e Deontoloxía son obrigatorias. As únicas excepcións para non asistir ás sesións presenciais son: estar realizando un programa de mobilidade para estudantes (ERASMUS, SICUE ou Programa Bilateral) ou calquera das condicións recollidas na normativa para a dispensa de docencia coa presentación da documentación acreditativa correspondente (http://www.usc.es/gl/centros/psicologia/normativa_dispensa.html). En ambos casos o/a estudante ten que presentar igualmente o traballo final coas actividades que se indiquen.

2) Que sucede se teño unha materia pendente do segundo semestre de 3º de Grado?

O/a estudante ten que indicarllo á responsable do Prácticum e telo en consideración antes de seleccionar o centro, xa que esta situación implicará posiblemente empezar as prácticas antes ou facer algún tipo de adaptación, sempre que no centro sexa posible. A realización das prácticas non exime da asistencia a clase das materias de 3º que se imparten durante ese período.

3) Poden asinarse novos convenios con dispositivos cos que non temos convenio na actualidade?

O/a estudante pode buscar novos dispositivos para asinar convenio. No caso de que teñades pensado a posibilidade de que se asine un novo convenio, o primeiro paso é contactar coa responsable do Prácticum para que vos informe ao respecto.

O centro ten que dispor de psicólogo/a que realice tarefas como tal e que será con quen o/a estudante realizará as prácticas. Ademais, o centro debe ter presente que o convenio non se asina só por un ano. No caso de que un/ha estudante consiga un novo convenio, el/ela terá preferencia para facer as prácticas nese dispositivo.

4) Quen pode realizar o Prácticum no período extraordinario do primeiro semestre de 4º?

Unicamente aqueles/as que cumpren o requisito académico de ter só 18 ECTS pendentes de superación, correspondentes ás materias de Traballo Fin de Grao e Prácticum.

5) Onde se realizan as prácticas no período extraordinario do primeiro semestre de 4º?

O Prácticum é unha materia do 2º semestre, polo que as prácticas durante o primeiro semestre son unha convocatoria extraordinaria polo que non hai unha oferta concreta de centros. Intentarase ter en conta as preferencias dos candidatos no momento de buscar dispositivos, pero son un número limitado os que poden ofertar prazas a maiores das que xa teñen ofertadas para o período oficial.

6) Cando teño que subir o compromiso de confidencialidade á miña secretaría virtual e cal é o procedemento para subilo?

O antes posible, unha vez se faga a elección-asignación de centro de prácticas.

O/A PROPIO/A ESTUDANTE A DEBE DESCARGAR O DOCUMENTO DE COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE no seguinte enlace:

<https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2020-10/impreso-compromiso-confidencialidade.pdf>

DEBE CUBRILO E ASINALO E SUBILO Á SÚA SECRETARÍA VIRTUAL canto antes (unha vez asignados os dispositivos). O/a estudante ten que imprimir unha copia (cuberta e asinada) que levará xunto con outra documentación ao dispositivo de prácticas o día da incorporación.

Para subir os documentos á Secretaría Virtual:

Dentro da "Secretaría Virtual para estudantes", na marxe esquerda, dentro do apartado de "Matrícula" clicar en "Documentación matrícula", entrar na matrícula do ano que estades a cursar e seleccionar a opción de "Adxuntar documentación" para subir o documento xa cuberto e asinado.

7) Teño que subir o certificado negativo de delitos sexuais á miña secretaría virtual?

Este certificado é imprescindible **para facer prácticas en centros nos que se traballa con menores de idade**, conforme á Lei vixente dende o mes de abril de 2016.

Aínda que a USC cotexa que non consten delitos sexuais e rexistre esta información a efectos administrativos para a xestión interna do Prácticum, **o certificado debe ser solicitado polo propio/a estudante na web do ministerio de xustiza** para poder entregalo no centro de prácticas o día da incorporación xunto co resto da documentación. **NON É NECESARIO SUBIR O DOCUMENTO Á SECRETARÍA VIRTUAL.**

O certificado pódese obter, a través do seguinte enlace (para garantir o seu correcto funcionamento, recoméndase utilizar o navegador Chrome):

<https://www.mjusticia.gob.es/es/ciudadania/tramites/certificado-delitos>

Para poder obter o certificado tedes que identificarvos dixitalmente, ben a través de dni electrónico, certificado dixital ou @clave.

8) Por que o criterio para elixir dispositivo é o expediente académico?

Porque é o criterio mais equitativo para todos/as. O expediente académico depende do rendemento de cada un/ha e pode ser modificado. Anos atrás utilizouse o criterio de lugar de residencia da familia pero foi rexeitado polo propio estudantado, xa que prexudicaba seriamente a aqueles/as que non procedían do ámbito urbano. Ademais, o lugar de residencia é algo que non se pode modificar.

9) Por que a elección ordinaria de dispositivos do Prácticum se fai en novembro? non pode ser antes?

- É preciso que o alumnado teña rematado o curso de Ética e Deontoloxía que se fai xeralmente no mes de outubro.

- Para os dispositivos de prácticas é difícil poder facer a oferta con tanta antelación, polo que non se podería adiantar máis a elección.

10) Cal é o horario de Prácticum?

É aquel que establezan no centro e que na maioría dos casos realizan os/as profesionais no centro elixido. Existe moita variabilidade duns centros a outros e incluso nun mesmo centro dun ano para outro, polo que a priori non se pode dispoñer da información de todos eles. Na oferta de dispositivos infórmase cada ano, na medida en que contemos con dita información, da organización horaria que tivo o alumno/a o ano previo (ex., horario partido que significa que ten que ir mañá e tarde, horario de mañá se ten xornada continua por exemplo de 8h. a 15h.).

O alumnado/a fará 270 horas de prácticas presenciais. Se por diferentes motivos non pode facer a totalidade de xeito presencial, debe realizar un mínimo de 216 horas presenciais e complementar as horas restantes con tarefas non presenciais (ex., lectura de libros, preparación de sesións...)

Se o período de prácticas coincide coa Semana Santa, os días laborables (luns, martes e mércores) son días de prácticas se no centro se traballa nesas datas e se o consideran axeitado, aínda que non sexan días lectivos.

11) Cando contactará comigo o titor/a académico/a?

O titor/a académico/a debe contactar previamente co centro de prácticas para confirmar a súa dispoñibilidade para a incorporación do estudiantado e ter información respecto ao inicio das mesmas, e así poder informarnos a vós. **NUNCA podes contactar vós directamente co centro de prácticas, en ningún momento.** Durante a(s) semana(s) previa(s) ao inicio do período oficial de prácticas, o titor/a académico/a contactará con vós para darvos a documentación e informarnos sobre a incorporación.

12) Pode xurdir algún imprevisto polo que se teña que buscar un novo dispositivo unha vez feita a asignación?

Dada a antelación con que se fai a asignación do Prácticum, non é posible prever todos os imprevistos que poidan xurdir, polo que, por exemplo, se un titor/a profesional ten unha baixa por enfermidade ou un cambio non previsto de centro, terase que buscar outro lugar para realizar as prácticas.

13) Algúns aspectos xerais acerca da oferta de dispositivos de prácticas:

- O nº de prazas ofertadas é moi superior ao nº de alumnos/as matriculados/as.
- Hai ámbitos onde o nº de prazas non é tan extenso coma en outras (ex., penitenciarias, SERGAS) porque o nº de dispositivos existentes en Galicia é moi pequeno polo que non poden ofertarse tantas prazas como desexaríamos. Ademais, nalgúns casos, son centros que están a ofertar prazas nos másteres polo que non poden facelo tamén no Grao.
- Debido ao criterio de calidade que se nos exige, e que nós tamén exiximos, o nº de prazas por titor/a profesional é moi limitada.
- En Santiago de Compostela ofértanse bastantes prazas, aínda que seguramente non é tan elevado como se desexaría. Pero debe terse en consideración que o nº de profesionais da Psicoloxía que traballan nesta cidade é moi limitado.